

CREACIÓN DE PODCASTS

Orientacións técnicas

Crear un *podcast* dende cero é unha tarefa que pode parecer complexa se non estamos en contacto con este tipo de recursos, ou pode ser que non vexamos a utilidade que pode ter a nivel educativo.

Ademais de divertido, un *podcast* pode romper a rutina dunha aula virtual, crear un vínculo co alumnado e reforzar o traballo e as explicacións dadas na aula.



Crear un podcast é unha tarefa sinxela para a que non necesitamos grandes recursos dixitais podendo crear os nosos propios audios dende casa co noso ordenador, tableta ou móbil. A continuación, podedes ver algunhas **orientacións técnicas**.



A palabra *podcast* define unha forma de distribuír contidos multimedia na Rede, baseada nun arquivo de titulares ou “*feed*”. O arquivo contén descritores e unha dirección de Internet que apuntan a cada contido multimedia que estará almacenado nun sitio web. Ao falar dun determinado podcast referímonos ao conxunto formado por todas as entregas publicadas.

Hai que engadir que o termo *podcast* non ten nada que ver con iPod. Podcast é unha palabra creada a partir da expresión “Public On-Demand Broadcast”, que podería traducirse como “retransmisión pública baixo demanda” ou ben “por subscrición”. Os *podcasts* distribúense habitualmente por subscrición. Mediante un programa adecuado (como iTunes) ou lectores RSS, podemos subscribirmos a un *podcast*, de xeito que cada vez que sae un capítulo ou episodio novo temos a información correspondente.

Podemos crear *podcasts* a partir de tipos de arquivos tan dispares como PDF, audio ou vídeo. Con todo, os tipos de contido máis habituais para os *podcasts* son os **programas de radio**, de tal modo que habitualmente se identifica a palabra *podcast* con “radio pola Rede”. Aínda que o formato de arquivo habitual destes últimos é o **mp3**, cada vez é máis habitual o chamado “*podcast* enriquecido”, que permite organizar un episodio en capítulos e engadirlle imaxes fixas e enlaces.

Mediante *podcasts* estanse distribuindo contidos sobre as temáticas máis variadas. Algúns son de utilidade, outros informativos, formativos e moitos de tipo persoal, a modo de diario oral

O seu valor educativo: usos dun podcast

Do mesmo xeito que ocorre con outras tecnoloxías, os *podcasts* pódense incorporar ao proceso educativo con diferentes niveis de profundidade. Así, a tecnoloxía é usada polo profesor para:

- nivel 1: as súas propias necesidades (xestionar os seus documentos, materiais etc.).
- nivel 2: usar recursos de terceiros (editoriais, outros profesores) co alumnado.
- nivel 3: crear os seus propios materiais e recursos para usar co alumnado.
- nivel 4: que os alumnado cree os seus propios contidos como parte do proceso de ensino-aprendizaxe.

Este esquema podémolo aplicar igualmente aos *podcasts*.

O profesorado pode atopar na crecente oferta de contidos distribuídos por este medio, recursos que lle sexan útiles para preparar as súas clases ou para recomendar como referencia ao alumnado. Quizais é o tipo de uso máis superficial.

No nivel 3, dicimos que é o profesorado o que crea materiais para o alumnado. Resulta relativamente sinxelo gravar as clases e poñelas a disposición do alumnado, pero non é unha práctica recomendable. Por unha banda, corremos o risco de volver a un formato de clase maxistral. Por outro, temos que adaptarnos ás características do noso “público” e aos obxectivos que perseguimos.

Por último, a creación de *podcast* pode ser unha **proposta creativa para traballar co noso alumnado**. O tipo de uso máis produtivo e enriquecedor sería a creación dun *podcast* por parte do alumnado, en particular, dos “radiofónicos”. Hai varias razóns que nos animan a optar por este tipo de proxecto:

- a recuperación da **expresión oral**: a realización dun *podcast* periódico pode levar ao alumnado a unha reflexión sobre o uso da linguaxe, preocuparse pola forma na que se expresa, asegurarse de que se entenden as ideas que trata de transmitir, esforzarse por lograr a pronunciación e entoación adecuada, etc.
- fronte aos proxectos de vídeo, os *podcast* de audio **requiren menos infraestrutura** e son máis fáciles e inmediatos de realizar.
- o **traballo previo** de redacción do guión proporciónanos oportunidades de traballo creativo, que normalmente se desenvolverá en equipo.

Beneficios

En resumo, son moitos os beneficios que podemos acadar empregando este tipo de recurso na nosa práctica docente co alumnado:

- ✓ a voz fai que o que contamos sexa retido polo alumnado máis facilmente que lendo longos textos explicativos.
- ✓ creamos unha relación máis directa, conectándonos co noso alumnado e **humanizando** as nosas aulas virtuais.
- ✓ moitas veces hai **aspectos dunha materia ou contidos difíciles de explicar** redactando un texto, polo que é máis directo e eficaz comunicar eses contidos coa nosa voz.
- ✓ crea unha actividade máis **interactiva e divertida** para o alumnado que simplemente ler un texto escrito.

Por onde comezamos?

1. Cal é a temática?

En primeiro lugar, debemos definir de que imos falar: o contido do noso *podcast* e a súa finalidade (explicación dun tema, dunha tarefa, informativo, etc.).

Unha proposta neste sentido sería crear un *podcast* composto de pequenos capítulos dedicados á explicación de conceptos clave da materia. Tería que ter un formato curto (non máis de cinco minutos) e atractivo, incluíndo música e imaxes, e ata vídeo se o tipo de contido se explica mellor así. Estas “pílulas” poderían facilitar o repaso e, talvez, enganchar a alumnado a outras formas de presentación do contido.

2. Preparación do noso *podcast*.

Non é necesario ser grandes interlocutoras/es de radio, pero debemos saber o que queremos transmitir e facelo da forma máis clara posible. Para iso, podemos realizar os seguintes pasos de preparación:

- ✓ **recole as túas ideas:** é importante crear un borrador coas ideas que queremos transmitir e os contidos a tratar no noso *podcast*. Debemos ter claros os puntos clave para evitar dispersarnos durante a gravación. Ao ser un medio de comunicación oral temos que procurar ser claros e directos ao escribir. Utilizaremos frases sinxelas e construcións directas. Aínda que o oínte pode “rebobinar”, non podemos obrigarlle a facelo (de feito o normal é que non o faga).

É mellor expoñer poucas ideas de forma clara que intentar abarcalo todo. Se o capítulo acaba sendo moi longo podémolo dividir en varias entregas.

- ✓ **facer un esquema coa estrutura** das ideas do noso borrador na orde na que as imos tratar. No mundo da radio, a esta estrutura chámasele “escaleta”.

- ✓ **marcar a duración** aproximada do *podcast*: non debemos realizar un *podcast* demasiado longo, xa que corremos o risco de perder a atención do noso alumnado. Marcar unha duración media (de entre 5 e 10 minutos) pódenos orientar para saber como debemos condensar as ideas que queremos tratar.
- ✓ **empregar música, imaxes e efectos sonoros**: se consideramos a posibilidade de engadir imaxes, música ou efectos sonoros ao *podcast*, é o momento de buscar as máis axeitadas. As imaxes e os recursos de son poden axudar a clarificar aqueles puntos que resulten ambiguos na explicación oral, facendo a visualización do *podcast* máis entretida e clara.

3. Estrutura

Podemos realizar o noso *podcast* segundo as nosas necesidades, pero unha estrutura sinxela e básica para comezar podería ser a seguinte:

- ▶ **entrada**: pode ser a presentación do contido ou do tema do *podcast*.
- ▶ **desenvolvemento**: o contido a tratar. Podemos incluír música, efectos sonoros...
- ▶ **despedida**: ao remate do noso *podcast* podemos realizar un breve resumo do tratado no mesmo, instrucións para unha tarefa, unha despedida divertida ou mora etc.

Ferramentas de gravación

Para gravar o noso *podcast* soamente necesitamos un **micrófono** e un **programa (software) de edición de vídeo**.

Micrófonos: que micrófono podemos empregar?

Un bo micrófono mellorará moito a calidade dos nosos programas.

Os **micrófonos incorporados nalgúns equipos** poden ser suficientes para un traballo máis ben doméstico. Para comezar podemos empregar este tipo de dispositivos acadando un bo resultado.

Pero un **micrófono externo** é bastante barato e ten moitas vantaxes:

- é máis fácil de manexar cando participan varias persoas na gravación.
- axúdanos a evitar o ruído procedente do propio ordenador e facilítanos non ter que estar movéndonos.
- a voz, pola súa banda, queda mellor gravada e resulta máis intelixible.

Unha boa opción é un micrófono USB de sobremesa. Proporciona unha boa entrada de son por un prezo razoable.

Outra alternativa interesante é un conxunto (“*headset*”) de micrófono e auriculares. Para proxectos máis ambiciosos, existen mesas mesturadoras que nos permiten montaxes complexas, similares ás dun estudo de radio profesional.

Software: programas de gravación e edición de audio

Non soamente temos que gravar o noso *podcast*, senón que tamén debemos editalo e poder exportalo a un formato .mp3 ou outro compatible coa nosa aula virtual Moodle ou a plataforma onde queiramos integralo, polo que debemos empregar unha ferramenta de edición.

Pódese usar [Audacity](#), un editor de audio de código libre e dispoñible para Mac, Windows e Linux. Por suposto, existen outros editores de audio. Con todo, para publicar necesitaremos algún programa máis.

A cuestión dos programas e servidores para subir e aloxar o *podcast* tratarémola nun capítulo específico.

Usos do noso podcast

Independentemente de conseguir que o contido sexa interesante por si mesmo, velaquí deixamos algúns consellos para a elaboración do programa:

- crear unha portada/sintonía de presentación, que proporcione identidade ao noso *podcast*.
- establecer unha estrutura clara que se repita en todas as entregas.

- as persoas locutoras deben presentarse.
- engadir música e efectos sonoros.
- que sexa curto, ao redor de 5 ou 6 minutos.
- enriquecelo con imaxes, se usamos programas que o permitan.
- unha pronunciación coidada e unha entoación atractiva.

Para que un podcast na aula?

Niveis 1 e 2. Materiais de estudo de terceiros.

Unha das aplicacións máis directas dos *podcast* é na aprendizaxe de idiomas. De feito, a oferta de cursos e programas específicos é inmensa e abrangue moitas linguas. Algunhas vantaxes son que adoitan ser curtos, moi centrados nun tema e son moi transferibles, ao podelos copiar a un reprodutor e levalos connosco.

Por outra banda, moitos programas científicos de radio pódense obter en formato *podcast*, producidos por institucións ou universidades de prestixio recoñecido. Son outro recurso a considerar.

En resumidas contas, os recursos creados por terceiros en formato *podcast* son comparables aos que podemos conseguir en forma de libros, revistas, programas de radio ou televisión, aínda que normalmente moito máis fáciles e cómodos de obter e xestionar.

Nivel 3. Creando material para o alumnado.

O formato *podcast* é relativamente fácil de crear e de distribuír, polo que pode resultar unha boa base para facilitar materiais complementarios para o alumnado.

Así, suxerimos ideas como:

- series de explicacións de conceptos básicos da materia. Pode servir como material de repaso, para clases de reforzo educativo etc.
- audicións comentadas: é fácil mesturar diversos materiais musicais ou gravacións cos nosos comentarios.
- audioguías para estudo de obras de arte: podemos utilizar os *podcast* enriquecidos para ilustrar a explicación, organizando os capítulos por épocas artísticas, obras, autores, etc.

- materiais para alumnado máis avanzado.
- materiais específicos para alumnado con dificultades; en particular, pode ser útil para aqueles que mostren dificultades de comprensión lectora.
- recompilación de conferencias e charlas realizadas no centro, con permiso das persoas conferenciantes e para uso interno do centro.

Nivel 4. Proxectos de traballo baseados en *podcast*.

Pódense desenvolver moitos proxectos de traballo en formato *podcast*. Velaquí algunhas propostas:

- series de contos, poemas, cancións, adiviñas e outros xogos verbais con alumnado de diversos niveis.
- traballos na área de idiomas, como situacións cotiás de conversa preparadas e gravadas polo alumnado.
- traballos de recompilación de elementos da cultura tradicional: lendas, contos, rimas, cancións.
- preparación de apuntes orais sobre un tema proposto para uso por parte de toda a clase.
- preparación de traballos como alternativa á presentación tradicional en papel.
- creación dunha radio escolar.